

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE MEIRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE MEIRA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D. Antonio de Dios Álvarez**, actuando en nome e representación do Concello de Meira en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado

desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 e) da LRBRL, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste contexto, no Consello da Xunta foi aprobado o Plan de Infraestruturas de Atención Primaria que servirá a xeito de plan director do investimento futuro na rede de centros deste nivel asistencial, deseñando así unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo.

VI. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VII. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Meira, faise necesario reformar e ampliar o centro de saúde.

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma e ampliación no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.



Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello de Meira para a reforma e ampliación do centro de saúde.

Segunda. Obrigas do concello

O concello comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros”.

Terceira. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

1. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de reforma e ampliación do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

2. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello de Meira comprométese a modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, tal e como se recolle nos compromisos do Concello.



Cuarta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables, e se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

Quinta. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, que dará lugar á a indemnización dos danos e perdas causados.

Sexta. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Sétima. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste convenio.



Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluída a súa prórroga.

Novena. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, na data da sinatura dixital.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Concello de Meira

Julio García Comesaña

Antonio de Dios Álvarez

